A GALEGUIZACIÓN EDUCATIVA

«Reflexión sobre o modelo actual e perspectivas de futuro

cun moito de memoria galeguista»

Manuel Bragado
mestre e editor
CEIP Paraixal, 25 de maio de 2019

FREI MARTÍN SARMIENTO (1746-47)

RECLAMOU, COMO O SEU PRECURSOR, O PADRE FEIJOO, UN ESPAZO PARA O GALEGO NAS ESCOLAS E NA EDUCACIÓN DOS NENOS E NENAS ONDE SE FALASE ESE IDIOMA

LA PRIMERA LUZ, MANUEL MURGUÍA (1859)





EDICIÓN DE

XOÁN COMPAÑEL, VIGO

PRIMEIRO LIBRO DE LECTURAS ESCOLARES CONCIBIDO PARA SER UTILIZADO NAS ESCOLAS DE GALICIA

Familia Murguía Castro

tú, hija mia, venida ayer á este valle de lágrimas,
tú en quien pienso al escribir este libro, aprende,
hija de mi alma, á amar á esta Galicia infortunada
en donde han nacido tus padres y en donde has visto
tú la primera luz. Para tí escribo estas páginas, be-
ditos sean tus dulces ojos, benditos sean tus labios
puros como la sonrisa de tu madre, cada vez que
leas y pronuncies estas palabras que escribo pen-
sando en tí; oh tú, la hija mas amada!

«Dúas palabras do editor»



DEL DIALECTO.

LECCION PRIMERA.

Un niño entró en la escuela; era un pobre aldeanito, y no sabia hablar el castellano. El maestro le preguntó:

—¿No traes tus libros, hijo mio?

—Señor-respondió el pobrecillo temblando-*esquecéronme*; y todos los demás niños se echaron á reir de él, y se mofaron de su ignorancia.

Pero el maestro que era un hombre docto, y mejor que esto todavía, un hombre justo, les impuso silencio y les dijo:

"Hijos mios, ¿cual es la falta de ese inocente para que os burleis de él? No sabe el castellano, y habla en el dulce lenguaje de su tierra nativa, en el lenguaje en que hablaron sus abuelos! Sabed, niños, que el dialecto gallego, cuyas armoniosas palabras escitan vuestra risa, como si fuerais estraños, es la fuente de donde salió el idioma español; es un dialecto en que pueden espresarse con mas dulzura, con mas suavidad, con mas cariño que en ningun otro, todos los pensamientos y todas las

LECCIÓN PRIMEIRA: «DEL DIALECTO»

PLAN PEDAGÓXICO PR' A GALEGUIZACIÓN D' AS ESCOLAS DE VICENTE RISCO (1921)

- PRIMEIRO **PLAN PARA GALEGUIZAR O ENSINO.**
- UNHA **REVOLUCIÓN ESCOLAR** QUE QUEDOU PENDENTE.
- O IDEAL SERÍA QUEN O ENSINO SE DESE EN LINGUA GALEGA.
- O EDIFICIO ESCOLAR DEBE ESTAR ACORDE COA PAISAXE.
- A AULA É UN ESPAZO DE LEDICIA, PRESCINDIR DA ODIOSA TARIMA.
- O ESCOLANTE DEBE AMAR E ESTUDAR GALICIA.
- A ESCOLA DEBE ESTAR EN CONTACTO COA NATUREZA.
- PARA APRENDER O ALUMNADO TEN QUE VER AS COUSAS.
- CÓMPRE ESTUDAR AS COUSAS DA TERRA.

MAYO, 1922

AS ROLADAS

FOLLA DOS RAPACIÑOS GALEGOS

AS ROLADAS (1922) PRIMEIRA REVISTA INFANTIL EN GALEGO

DIRIXIDA POR RAMÓN CABANILLAS



CONCELLO DAS ROLADAS

Sr. .....

NOSO BENQUERIDO PAISANO:

É nos nosos tempos cando un puxante movimento de renacencia e renovación fai latexar con forteza os corazóns galegos.

A Galicia, como a Princesiña encantada do Bosque Adormido, esperta d-un sono de catrocentos anos. Ó abrir os ollos ten a pasada vagariñante e adianta as mans, cegada pol-a luz que a enfeitiza, n-unha arela de vida ceibe e de reencontro c-os seus vellos amores.

Os que ademiramos cheos de ledicia o crarexar do ceo n-esta albada de groria, temos de arrimar a ombreira, axudando este esforzo da Raza por esparexer as trevas abafantes que en-

dos seus berros arelantes de craridade, nos agachamos na sombra, silenzosos e de mans cruzadas? ¿Como doernos de que a mocedade se alonxe sin dor da nosa veira, si cando se achega cubizosa de quentura nos atopa adormiñados, friolentos, deitados ô sol, atrancando a vereda?

Temos de tornar os ollos â Terra en precuro do resurdimento e salvación da Raza. Temos de tornar os ollos e o pensamento ô Pasado,—Fala, Lenda, Historia, Dereito, Costume,—en precuro da forza conqueridora do Porvir, xa que somentes poden dar frores fermosas e froitos sans os arbres rexamente enraizados en terra criadora. Temos de abrir lembranza eterna nos corazóns dos nosos mociños de aquela imaxe de Nosa Se-

ORIGINAL

Xoán Vicente Viqueira defendeu en 1921 a galeguización do ensino e unha nova educación galega

ESCOLA DE INSIÑO GALEGO DA CORUÑA

- Abertas en 1924 no 17 da praza de María Pita na Coruña. Mudaron logo á Rúa Real 36
- Ánxel Casal e Manuel Luís Acuña, primeiros mestres, axudados por María Miramontes
- Só sección masculina, vinte alumnos
- Financiada polos socios
- Preferencia aos fillos da Irmandade

ESCOLAS DO INSIÑO GALEGO

UNHA EXPERIENCIA PEDAGÓXICA DAS IRMANDADES DA FALA

- O ensino desenvolvíase en español por imperativo legal (Ditadura de Primo de Rivera), utilizándose o galego para a lectura de textos literarios
- Proxecto aglutinador que pretendía combater a discordia e a división no movemento galeguista



Para os fillos de Galicia

Fundar e soster escolas en Galicia é obra santa, patriótica.

Galegos: Si este nome que levamos desde que nascemos ten de servirnos d-orgulo, estamos na obriga d-axudar e propagar o desenrolo das **Escolas do Insiño Galego.**

Porque si é obra santa e patriótica o fundar e soster escolas que rediman ao pobo galego da iñorancia en que está sumido, moito mais patriótica e mais santa ten de ser si estas escolas han de servir para inculcar nas xeneraciós futuras a verdadeira concencia galega.

Non ll-abonda a Galicia qu-os seus fillos seipan lêr i-escribir.

Galicia percisa qu-os seus fillos lean i-escriban n-a sua Fala para qu-a sintan; qu-estuden n-a sua Xeografía para qu-a coñezan, e coñecéndoa quéiran-a; que lles digan das grorias d-os seus homes para honral-os; que beban nas fontes da sua Tradición, da sua Cultura e da sua Arte para qu-as continúen sin influenzas alleas e que seipan pol-a sua Historia dos aldraxes e das persecuciós de que foi vítima.

Esto é o que fai a «Irmandade da Fala» ao crear as **Escolas do Insiño Galego,** *cuias Bases acompañamos.*





MARGARIDA A DA SORRISA D'AURORA

Margarida tinha na sua face o cór vermelho das mazás zoadas, cantar de pájaros era o seu falar e-o engado do sol cando nasce a sua sorrisa.

Tinha qinz'anos, quince rosas frorescidas. No seu curazón juntábase a terneza das rulas, o arume das violetas, a bondade de Deus e-a fermosura das pedras perciosas. E todo o seu curazón sailhe aos olhos mouros. Bondade e ledica, porque era leda como un jóugere.

Isto sucedía no tempo Antigo, no país da Felicidade.

— 5 —

OS PRIMEIROS TEXTOS EN GALEGO PARA LECTURA DAS CRIANZAS

- *Margarida a da sorrisa d' Aurora* de Evaristo Correa Calderón (1927)
- *Conto de Guerra* de Camilo Díaz Baliño (1928)



Ás Escolas da Irmandade da Fala – novo lar onde arde o brime sagro da Raza.
A Anxel Casal, meu irmaõ ben querido, lotador qué alcende os corazons dos rapaciños das escolas irmandiñas
Camilo Díaz Baliño
Nadal de 1927.

MÉTODO DE LECTURA DE JOSEFA IGLESIAS VILARELLE, EDITADO POLO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1932)

- Mestra de Mourente.
- Primeiro **manual para o Ensino da lectura e escritura** do galego.
- Concibido como **catón**, na liña das cartillas escolares utilizadas nas aulas das escolas da Segunda República.



HABLE BIEN

Sea Patriota - No sea bárbaro

Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO IDIOMA CERVANTINO

¡¡ARRIBA ESPAÑA!!

Octavilla. Imprenta Sindical. A Coruña, 1940

PRIMEIRA DÉCADA DA DITADURA EMERXE A EDICIÓN EN GALEGO, UNHA LINGUA REPRIMIDA

Celta, 1947



Benito Soto, 1949

Galaxia, 1950

O INICIO DA RECUPERACIÓN CULTURAL: O DÍA DAS LETRAS GALEGAS







A LXE (1970) E O PLAN GALICIA AMPLIARON A ESCOLARIZACIÓN OBRIGATORIA ATÉ OS 14 ANOS E CREARON OS CENTROS COMARCAIS DE EXB.

RECOÑECERON TAMÉN A APRENDIZAXE DAS LINGUAS VERNÁCULAS NESTE NIVEL DE FORMA VOLUNTARIA

APARECEN OS PRIMEIROS LIBROS ESCOLARES COA INTENCIÓN DE SER UTILIZADOS NO ENSINO DO GALEGO NA ESCOLA E O *PLAN PEDAGÓXICO GALEGO* (1971).

NO TARDOFRANQUISMO APARECEN AS PRIMEIRAS FENDAS PARA A GALEGUIZACIÓN EDUCATIVE.

Autocolantes da Asociación Cultural de Vigo impresos en Vigo por Serigrafía Galega (1971)

A ALFABETIZACIÓN EN GALEGO REQUIRE DE MANUAIS DE APRENDIZAXE PARA NEOFALANTES

- O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela publicou de 1972-1974 esta serie revisada e reeditada ao longo d a década.

- Esta alfabetización obriga a tomar decisions sobre normativización do idioma. A Real Academia Galega acorda nas súas reunions de 1970 e 1971 as súas normas ortográficas.



A REFORMA POLÍTICA (1975-1980): TEMPO DE ENTUSIASMO PARA A GALEGUIZACIÓN EDUCATIVA







NO PERÍODO PREAUTONÓMICO APARECEN OS PRIMEIROS LIBROS DE TEXTO DE GALEGO E EN GALEGO E OS PRIMEIROS RECURSOS DIDÁCTICOS NA NOSA LINGUA

O INICIO DA GALEGUIZACIÓN EDUCATIVA CONTEMPORÁNEA VEU DA MAN DA RENOVACIÓN PEDAGÓXICA E DA LOITA SINDICAL DO PROFESORADO

- Entre os 70 e os 80 comeza o pulo dos Grupos de renovación pedagóxica, das Xornadas do Ensino e das Escolas de Verán de Galicia.
- Loita sindical arredor do **Decreto de Bilingüismo** (1979, Xunta Preautonómica): o **Galego entra no Ensino como materia**.
- Fúndanse os Movementos de renovación Pedagóxica: **Nova Escola Galega** (1983) e **Asociación Socio-Pedagóxica Galega**, que asumen o modelo de escola pública e de galeguización do Ensino.
- Fúndase AGAL (1981). O debate normativo chega a escola.
- Créase en Vigo APDL (Asociacion Pais en Defensa da lingua).







O GALEGO: LINGUA PROPIA DE GALICIA (1981)

ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (1981)

- ARTIGO 5
- A **lingua propia** de Galicia é o galego.
- Os idiomas galego e castelán son **oficiais** en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
- Os poderes públicos de Galicia garantirán o **uso normal** e oficial dos dous idiomas e **potenciarán o emprego do galego** en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e **disporán os medios** necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
- Ninguén poderá ser **discriminado** por causa da lingua.

O GALEGO: MATERIA DE ESTUDO OBRIGATORIO NO SISTEMA EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO (1983)

LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1983)

TÍTULO III. DO USO DO GALEGO NO ENSINO

- O GALEGO É **LINGUA OFICIAL NO ENSINO EN TODOS OS NIVEIS** EDUCATIVOS.
- AS CRIANZAS TEÑEN **DEREITO A RECIBIR O PRIMEIRO ENSINO NA SÚA LINGUA MATE**RNAL.
- ARBITRARANSE AS MEDIDAS PARA **PROMOVER O USO PROGRESIVO DO GALEGO NO ENSI**NO.
- O ALUMNADO **NON PODERÁ SER SEPARADO EN CENTROS DIFERENTES POR RAZÓN DA LINGU**A E SÓ, CON CARÁCTER EXCEPCIONAL, EN AULAS DIFERENTES.
- A LINGUA GALEGA É **MATERIA DE ESTUDO OBRIGATORIO EN TODOS OS NIVEIS** EDUCATIVOS NON UNIVERSITARIOS.
- REGULARASE O **DEREITO DE EXENCIÓN** PARA O ALUMNADO PROCEDENTE DE FÓRA DE GALICIA.
- GARANTIRASE QUE AO REMATE DOS CICLOS DE ENSINO OBRIGATORIO O ALUMNADO COÑEZA O GALEGO , NO SEUS NIVEIS ORAL HE ESCRITO, EN IGUALDADE CO CASTELÁN (**DOBRE COMPETENCIA PARA TODO O ALUMNADO**, INDEPENDENTEMENTE DE CAL SEXA A SÚA LINGUA FAMILIAR E A SÚA LINGUA HABITUAL).
- O **PROFESORADO E O ALUMNADO TEÑEN O DEREITO A EMPREGAR**, ORALMENTE E POR ESCRITO, **A LINGUA OFICIAL DA SÚA PREFERENCIA.**

PRIMEIRA CAMPAÑA DA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜISTICA DA XUNTA DE GALICIA A PROL DO USO DO GALEGO (1984)

- Animaba a pais e nais a comunicarse coas crianzas en galego e a combater os prexuízos que levaban a ruptura da transmisión da lingua.
- Nas sete cidades organizáronse festas arredor do idioma dirixidas á rapazada.
- Cartel deseñado por Francisco Mantecón.



MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1986)

II. Constitue-se unha MESA PARA A NORMALIZACION LINGUISTICA encargada de pór en prática as conclusións do ENCONTRO. Inicialmente constituída por: Asociación de Escritores en Língua Galega, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, Federación de Asociacións Culturais Galegas e Asociación Galega de Língua e Colectivo de Profesores Promotores do Manifesto, está aberta a todas as Asociacións culturais, lingüísticas, pedagóxicas ou profisionais que apoien explícitamente estas CONCLUSIÓNS.

Compostela, 20 de Abril de 1986

- **«APRENDER EN GALEGO NON É UN DELITO»** FOI O LEMA DA PRIMEIRA MANIFESTACIÓN QUE CONVOCOU EN COMPOSTELA EN DECEMBRO DE 1987 A 20.000 PERSOAS DURANTE O GOBERNO ALBOR.

PRIMEIRO PASO ADIANTE: USO VEHICULAR DO GALEGO NUNHA PARTE DO CURRÍCULUM ANTES DA LOXSE



ORDE 1987-1988 (GOBERNO ALBOR)

- DESÉNVOLVESE O CONCEPTO DE **DOBRE COMPETENCIA** (LDENL), O QUE PERMITIRÁ Á CIDADANÍA DECIDIR SE USA **UNHA OU OUTRA LINGUA NOS DIFERENTES ÁMBITOS E SITUACIÓN, IMPRESCINDIBLE, POIS, PARA GARANTIR A LIBERDADE LINGÜÍSTICA**.
- NOS CICLOS MEDIO E SUPERIOR DE EXB **IMPARTESE EN GALEGO, POLO MENOS, AS CIENCIAS SOCIAIS**.
- EN PREESCOLAR E CICLO INICIAL CONTINÚA UTILIZÁNDOSE O CRITERIO DA «LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO».
- CRÉANSE OS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CURSO 1990-91).
- IMPORTANTES RESISTENCIAS GALEGOFÓBICAS CONTRA ESTA ORDE.
- COMEZA O QUE FERNÁNDEZ PAZ CUALIFICOU COMO «A TEORÍA NORMALIZADORA DO A MODIÑO».

O ÉXITO DA «XERACIÓN XABARÍN»

- Programa infantil iniciado a comezos da década dos noventa pola TVG.
- Incorporou neofalantes urbanos.
- Asociou lingua galega co comic, coa música do seu tempo e o entorno non escolar.
- Un modelo galeguizador de éxito a anovar no século XXI.

COA LOXSE AVÁNZASE UNHA CERTA PLANIFICACIÓN DÚAS ÁREAS VEHICULARES EN GALEGO

Decreto 247/1995 (Goberno Fraga)

- O profesorado galeguista **e outras iniciativas cívicas fundamentaron un modelo de galeguización** (1989) baseado no redactado por Nova Escola Galega (1988) que desenvolvía de forma efectiva o principio de dobre competencia e formas de inmersión lingüística.
- En Educación Infantil e 1º Ciclo de EP o profesorado utilizará a «lingua materna predominante entre o alumnado e terá en conta a lingua ambiental ».
- En 2º e 3º Ciclos de EP impartiranse en galego dúasáreas de coñecemento, sendo unha delas á área de Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Incrementouse o uso do galego nas aulas, aínda que a inspección fixo «vista gorda» do seu incumprimento nalgúns centros.

AMPLO CONSENSO PARA NORMALIZAR O GALEGO NO SÉCULO XXI

PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA 2004 (GOBERNO FRAGA)

- O PXNL FOI **APROBADO POR UNANIMIDADE** DO PARLAMENTO EN SETEMBRO DE 2004.
- A NORMALIZACIÓN DO GALEGO SITÚABASE COMO UN ÁMBITO ESTRATÉXICO PARA O PAÍS E DE CONSENSO ENTRE AS FORZAS POLÍTICAS.
- MEDIDAS PARA O FOMENTO DO GALEGO NAS ADMINISTRACIÓN, NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, NA PUBLICIDADE, NO MUNDO EMPRESARIAL
- NO EIDO DO ENSINO SOLICITABA **UN NOVO DECRETO QUE ASEGURASE A DOBRE COMPETENCIA** POR PARTE DO ALUMNADO.

CONSOLIDAR OS AVANCES NORMALIZADORES POSIBILIDADE DE GRUPOS DE GALEGO EN INFANTIL

DECRETO 124/2007 (GOBERNO TOURIÑO)

- EN EDUCACIÓN INFANTIL E 1º CICLO DE EP O PROFESORADO UTILIZARÁ A «LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO E TERÁ EN CONTA A LINGUA AMBIENTAL. COIDARÁ QUE O ALUMNADO ADQUIRA A OUTRA LINGUA OFICIAL DE XEITO QUE SE POIDA CHEGAR A UN 50% DE USO DE CADA UNHA.
- POSIBILIDADE DE ESTABLECER **GRUPOS DE GALEGO EN EI**, ASÍ COMO DE FOMENTO DA ADQUISICIÓN DA LECTURA E ESCRITURA EN GALEGO.
- EN TODA A EDUCACIÓN PRIMARIA **GARANTIRASE, COMO MÍNIMO, QUE O ALUMNADO RECIBA O 50% DA DOCENCIA EN GALEGO**, SENDO OBRIGATORIAS EN GALEGO AS MATEMÁTICAS, COÑECEMENTO DO MEDIO E EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA.
- O DECRETO MOTIVOU VIRULENTAS RESPOSTAS GALEGOFÓBICAS QUE AMENDRENTARON Á CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN QUE FIXO ESFORZOS ESCASOS DE DIVULGACIÓN DO SEU CONTIDO.

A RUPTURA DO CONSENSO OU A MENTIRA DA «IMPOSICIÓN DEL GALLEGO» (2008)

* Reaparición de posicións galegofóbicas, que xa se manifestaran ao fío da aprobación da LdeNL e do decreto 1995.

* A lingua utiliza como moeda electoral por sectores negacionistas.

* Provocou a mobilización de sectores galeguistas. Creación das plataformas Queremo galego e Prolingua.

QUEREMOS GALEGO PLATAFORMA

ProLingua

O DECRETO DE PLURILINGÜISMO DE FEIJOO: O USO DO GALEGO NA ESCOLA RETROCEDE

DECRETO 79/2010 (GOBERNO FEIJOO)

- **IMPEDIU O USO DO GALEGO COMO LINGUA VEHICULAR DA EDUCACIÓN INFANTIL** E DA ALFABETIZACIÓN PRIMEIRA(LECTURA E ESCRITURA)NA TRANSICIÓN COA PRIMARIA XUSTIFICÁNDO EN BASE Á «CONSULTA ÁS FAMILIAS NA PREINSCRIPCIÓN».
- **PROHIBIU O ENSINO EN GALEGO DAS MATERIAIS DE MATEMÁTICAS, TECNOLOXÍA E FÍSICA E QUÍMICA.**
- **ESTABLECE UN MÁXIMO DUN TERZO DO HORARIO ACADÉMICO EN GALEGO.**
- **IMPIDE DE FACTO** A POSIBILIDADE DE **ACADAR A DOBRE COMPETENCIA** POLO RETROCESO QUE SOMETE AO USO DO GALEGO.

«CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS»

TRATADO ADOPTADO POLO CONSELLO DE EUROPA (1992) OBRIGA AOS ESTADOS, RATIFICADO POR ESPAÑA EN 2001

- NOS SEUS ÚLTIMOS INFORMES O SEU COMITÉ DE EXPERTOS AMOSA A SÚA PREOCUPACIÓN POLO EFECTO NEGATIVO DA «REDUCIÓN GRADUAL» DO GALEGO NO ENSINO, TRAS O DECRETO DE PLURILINGÜISMO.
- URXE A POTENCIAR O USO DO GALEGO EN TODAS AS ETAPAS EDUCATIVAS.
- SINALA QUE A INTRODUCIÓN DO ENSINO DOUTRA LINGUA NON PODE XUSTIFICAR A ELIMINACIÓN DA PROPIA.

O GALEGO FÓRA DA ESCOLA INFANTIL FLORECE NOS CONCERTOS DE MÚSICA PARA CRIANZAS E NAS ESCOLAS SEMENTE

- Os datos sociolingüisticos amosan que se rompeu a cadea de transmisión da lingua na xeracións das crianzas nacidas na ségunda década de 2000.
- A escolarización en galego en EI non chega ao 5%.
- O fenómeno mitigador da música infantil: magín, maría Fumaça, mama cabra, paco nogueiras, migallas….
- Escolas Infantiís Semente.

LEI PAZ ANDRADE, ENSINO DO PORTUGUÉS NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

LEI 1/2014 PARA APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E OS VÍNCULOS COA LUSOFONÍA

- APROBADA POR UNANIMIDADE E NACIDA DUNHA **INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR** PROMOVIDA PRINCIPALMENTE POR SECTORES REINTEGRACIONISTAS E ASINADA POR 17.000 PERSOAS.
- COMPROMISO A **PROMOVER O ENSINO DO PORTUGUÉS** EN TODOS OS NIVEIS EDUCATIVO SNON UNIVERSITARIOS.
- FAVORECER A RECIPROCIDADE DAS EMISIÓNS DAS TELEVISIÓNS.
- DESPOIS DE CINCO ANOS HAI **MOI POUCOS AVANCES** NO SEU DESENVOLVEMENTO.
- UNHA OPORTUNIDADE PARA A PROXECCIÓN INTERNACIONAL DO GALEGO E PARA DESENVOLVER UN PLURILINGÜISMO RESTITUTIVO.

QUE FACEMOS HOXE CO GALEGO NA ESCOLA?

- O **OBXECTIVO DE ACADAR A DOBRE COMPETENCIA** AO REMATE DA ESO E DO BAC É IRRENUNCIABLE, COMO EIXO DA GALEGUIZACIÓN EDUCATIVA.
- NO ENSINO NON UNIVERSITARIO (INFANTIL / PRIMARIA E SECUNDARIA) O DILEMA ESTÁ EN **ESCOLLER** ENTRE **MONOLINGÜISMO EN CASTELÁN** E **PLURILINGÜISMO RESTITUTIVO** *GALEGO/CASTELÁN/PORTUGUÉS*.
- O DEBATE **BINORMATIVO NON É DETERMINANTE**, MAIS SOLUCIONALO AXUDARÍA A QUE NON ENTORPECESE O DEBATE EDUCATIVO NORMALIZADOR E A RÁPIDA E MASIVA INCORPORACIÓN DO ENSINO DO PORTUGUÉS EN GALICIA.
- UN **NOVO MODELO METODOLÓXICO PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA** BASEADO NUN ENFOQUE COMUNICACIONAL MÁIS CA SINTÁCTICO-LITERARIO.
- REVOLUCIÓN LECTORA CENTRADA NA **ASOCIACIÓN DO USO DO GALEGO E AS HIPERTEXTUALIDADES DIXITAIS**. A **BIBLIOTECA ESCOLAR** COMO PRIMEIRO **FOCO GALEGUIZADOR** DE CADA ESCOLA.
- A **FAMILIA COMO AXENTE GALEGUIZADOR** DE REFERENCIA EMOCIONAL E CULTURAL.

O FUTURO DO GALEGO NA ESCOLA DEPENDE DE NÓS

- 1ª Do **ACORDO DE TODOS OS SECTORES GALEGUISTAS** para solucionar o debate binormativo, elaborar unha nova proposta de modelo de normalización lingüística no ensino que asegure a adquisición da dobre competencia.
- 2ª Do **APOIO DUNHA AMPLA MAIORÍA SOCIAL Á POLÍTICAS PÚBLICAS DE NORMALIZACIÓN QUE NUN ENTORNO PLURILINGÜE FAGAN EFECTIVO O DEREITO DE VIVIR EN GALEGO**.
- 3º No **COMPROMISO DAS FAMILIAS DE UTILIZAR O GALEGO COMO LINGUA PRIMEIRA DE SOPORTE EMOCIONAL E CULTURAL** de referencia nun entorno plurilingüe restitutivo *galego/castelán e portugués*.